



ASUNTO. Solicitud de inclusión de 4 prazas de oficial de imprenta na OEP 2025 e transformación dunha praza de oficial de imprenta en oficial de imprenta-diseñador gráfico.

Na actualidade a Imprenta Provincial conta no Cadro de Persoal con 15 prazas de oficial de imprenta, todas elas do grupo B. Así mesmo nestes momentos 5 delas atópanse cubertas por interinos.

Os avances operados nos últimos anos no ámbito da dixitalización do proceso gráfico, veñen poñendo de manifesto unha redución cuantitativa daquelas tarefas vinculadas á preparación de planchas, montaxes e procesos fotomecánicos previos á impresión offset véndose incrementadas correlativamente as tarefas de deseño, maquetación, tratamento dixital de imaxes e preparación de materiais gráficos para soportes impresos e dixitais. Xa en diversos informes emitidos dende a oficialía maior con ocasión de distintas solicitudes de coberturas de postos na Imprenta, deixaban de manifesto a crecente demanda das funcións de deseño gráfico.

Por dito motivo estímase que a actual composición la plantilla da imprenta non é a mais axeitada ao traballo que se está a desenvolver e demandar na actualidade, precisamente por ese incremento das necesidades na área de deseño gráfico. En consecuencia, en aras aos principios de eficacia e eficiencia que debe presidir toda planificación no ámbito dos recursos humanos e coa finalidade de lograr a mellor determinación dos efectivos precisos na organización administrativa, propónse a amortización dunha praza de oficial de imprenta e a creación dunha praza de oficial de imprenta-diseñador gráfico coa consecuente supresión na RPT do posto de oficial de imprenta con código 1.1377.12, e creación dun posto de oficial de imprenta deseñador gráfico.



Á vista do sinalado, solicítase unicamente a inclusión na OEP 2025 de catro prazas de oficial de imprenta dos 5 postos cubertos interinamente.

A Coruña, á data de sinatura electrónica

A Oficial Maior

Paula M.^a Vázquez Carrasco